

Suxestión dirixida á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional referente ao acordo sobre xubilación parcial de persoal docente...

Expediente: A.11.Q/14510/24

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención unha interesada e deu lugar ao expediente co número arriba indicado, en relación ao acordo sobre xubilación parcial de persoal docente de centros concertados.

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- No seu escrito de queixa manifesta

Exclusión do acordo ás persoas con maior idade.

No acordo asinado pola dirección xeral de centros sobre xubilación parcial do persoal docente de centros concertados ( acordo do que valoramos moi positivamente a iniciativa da dirección xeral de centros) sinálase nas súas instrucións de aplicación ( resolución do 4 de setembro de 2024) no punto 4 cita que o tempo mínimo de permanencia en xubilación parcial será como mínimo de 1 ano. Isto supón que traballadores con 64 anos que cumpren sobradamente coa esixencia de anos cotizados e que durante o curso cumpren a idade de xubilación ordinaria non poidan acollerse ao dito acordo tal e como manifesta no seu escrito a traballadora afectada.

E por elo que pedimos un pequeno cambio nas ditas instrucións para que esas escasas persoas afectadas poidan rematar o curso cos seus educandos tal e como sería desexable dende un punto de vista pedagóxico.

No escrito achegado indícase:

Que neste Acordo se sinala na disposición terceira que o período mínimo de duración da xubilación, será dun ano.

Que as persoas que acadamos a xubilación ordinaria antes do ano quedamos excluídas do desfrute desta xubilación parcial.

Que esta inxusta disposición exclúe aos traballadores con máis anos cotizados e de maior idade por unha cuestión burocrática, cando dende o punto de vista pedagóxico o lóxico sería que tivese en conta o curso escolar.

Por todo o exposto, solicito a modificación do Acordo de tal forma que se podan acoller tamén os traballadores que cumpran a idade de xubilación ordinaria dentro dese ano para evitar una gran inxustiza.

Segundo.- Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Administración no que, en esencia, indica:

Con carácter previo cómpre indicar que conforme ao establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nos termos recollidos nesta, os centros privados poden acollerse ao réxime de concertos educativos que son xestionados pola consellería competente na materia de educación.

A obriga da Administración educativa, respecto do profesorado dos centros concertados, límitase a pagar os salarios correspondentes, como pagamento delegado e en nome da entidade titular do centro, e polo tanto non existe ningún vínculo de carácter laboral co persoal docente (o empregador é o titular do centro).

Por este motivo, o profesorado destes centros é persoal laboral, séndolle aplicable tanto o Estatuto dos traballadores como, neste caso, o VII Convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.

O citado convenio, no seu artigo 56, di que os empresarios e os seus traballadores, de mutuo acordo, poderán tramitar os sistemas de xubilacións anticipadas previstas na lexislación vixente e, na disposición adicional oitava, establece que nas comunidades e cidades autónomas poderanse acadar acordos sobre:

“7) Medidas que favorezan a xubilación, tanto parcial coma total, dos traballadores”.

A Administración educativa de Galicia, maila non ter ningunha relación laboral co persoal docente dos centros privados concertados, considerou oportuno adoptar medidas que facilitaran o acceso á xubilación parcial deste colectivo, asumindo, na medida das dispoñibilidades orzamentarias, os gastos que dela se derivan, establecendo deste xeito o marco de colaboración axeitado para levalo a efecto.

Neste senso, o 28 de agosto de 2024 asinouse un acordo entre a consellería e as organizacións patronais e sindicais do sector sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado en pago delegado, que entrou en vigor o 1 de setembro de 2024.

O citado acordo foi obxecto de análise e consulta previa no marco da Comisión tripartita do ensino concertado, órgano do que forman parte tanto a Administración educativa como as organizacións patronais e sindicais representativas do sector do ensino concertado

Nas cláusulas do citado acordo delimitouse tanto o seu ámbito de aplicación como as condicións que, ademais do cumprimento dos requisitos que establece a normativa vixente en materia de seguridade social, deberían reunirse para poder acollerse a esta xubilación parcial, e aspectos relativos á duración da xubilación, contrato de relevo, seguimento do acordo ou período de vixencia

Trátase, polo tanto, de cláusulas que reflicten os diferentes aspectos nos que as partes asinantes acordan establecer as condicións para acceder á xubilación parcial por parte deste colectivo, entre eles, o relativo á duración mínima dun ano da xubilación parcial (cláusula terceira), condición que debe ser asumida como de obrigado cumprimento en canto manifestación do pactado entre as partes.

Finalmente indicar que a cláusula sétima do devandito acordo, relativa ao seu período de vixencia establece que:

“1. Este acordo terá efectos a partir do 1 de setembro de 2024 e rematará o 31 de agosto de 2029, ou no momento en que se produza a entrada en vigor dalgunha modificación na normativa aplicable respecto das condicións ou dos requisitos de acceso á xubilación parcial”.

A este respecto no Real Decreto-Lei 11/2024, do 23 de decembro, para a mellora da compatibilidade da pensión de xubilación co traballo (BOE do 24 de decembro) modifícanse, entre outros preceptos, diversos artigos (210, 213, 214 e 215) do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LXSS), o artigo 12 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET), e o Texto Refundido da Lei de Clases pasivas do Estado; preceptos todos que afectan á regulación da xubilación ordinaria e da xubilación parcial, e que entrarán en vigor o próximo 1 de abril de 2025, o que determina que a partir desa data conclúe a vixencia do acordo asinado o 28 de agosto de 2024.

## ÁNÁLISE

Analizado o seu escrito de queixa e o exposto no informe achegado, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira. A queixa fundaméntase na imposibilidade de acollerse ao acordo suscrito para o acceso á xubilación parcial das persoas que lles falta menos dun ano para a xubilación, xa que un dos requisitos para acollerse a esta xubilación parcial e que esta sexa, polo menos dun ano de duración.

Segundo.- No informe remitido a Administración sinala que, “maila non ter ningunha relación laboral co persoal docente dos centros privados concertados, considerou oportuno adoptar medidas que facilitaran o acceso á xubilación parcial deste colectivo, asumindo, na medida das dispoñibilidades orzamentarias, os gastos que dela se derivan, establecendo

deste xeito o marco de colaboración axeitado para levalo a efecto”. Este acordo foi publicado no DOG número 180 do 18 de setembro de 2024 (Resolución do 6 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do acordo entre a consellería e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia Educación e Xestión, CECE, ACES, FSIE, UGT, CC.OO. e USO sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado en pagamento delegado no curso 2024/25 e seguintes) e indica que o Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social, e a normativa concordante, regula a xubilación parcial das persoas traballadoras e sinala os requisitos para que esta poida concederse.

Posteriormente refírese ao requisito dun ano pactado coas organizacións asinantes e á normativa que resulta de aplicación.

Terceiro.- Así, no informe achegado xustifica o límite dun ano no feito de telo así pactado coas entidades asinantes do acordo. Na cláusula terceira, duración da xubilación parcial, sinalase:

A redución da xornada laboral durante toda xubilación parcial do profesorado estará comprendida entre un mínimo do 25 por cento e un máximo do 50 por cento. O período mínimo de duración da xubilación será de 1 ano.

Con todo, na súa cláusula sétima, período de vixencia e aplicación, indícase:

1. Este acordo terá efectos a partir do 1 de setembro de 2024 e rematará o 31 de agosto de 2029, ou no momento en que se produza a entrada en vigor dalgunha modificación na normativa aplicable respecto das condicións ou dos requisitos de acceso á xubilación parcial.

Desde o inicio do curso 2024/25 poderán solicitar a xubilación parcial as persoas que, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade social, acrediten os requisitos de idade para solicitar esta xubilación.

Á vista do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, non se require o prazo mínimo dun ano que sinala a cláusula terceira. Tampouco no informe se indica norma que estableza este mínimo que foi pactado e supón, deste xeito, a exclusión da xubilación parcial das persoas as que lles falta menos dun ano para a idade de xubilación.

Cuarto.- Segundo o exposto, a cláusula sétima contempla a posibilidade de modificación do acordo en virtude de posteriores modificacións normativas. Así, dado que o requisito do período mínimo dun ano non consta normativamente no informe achegado (senón que se fundamenta no acordo adoptado), nada impide que non se tivera establecido este requisito.

En consecuencia, a Comisión Tripartita de seguimento do acordo podería revisar dito requisito.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa administración a seguinte **suxestión**:

- Avaliar a interpretación do Acordo suscrito á vista da normativa aplicable e, neste senso, conceder a xubilación parcial as persoas que, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade social, acrediten os requisitos de idade para solicitar esta xubilación.
- De non ser posible, avaliar a tramitación dunha modificación do acordo suscrito para dar cabida neste ás persoas que non cumpran o requisito sinalado.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo (en funcións)